



Fonte: Google Maps

MODIFICACIÓN DA DELIMITACIÓN DOS ESPAZOS E DOS USOS PORTUARIOS DO PORTO DE CANIDO (VIGO)





Índice

| | |
|--------------------------------------------------------------------|---|
| 1. ANTECEDENTES | 3 |
| 2. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE | 3 |
| 3. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN..... | 4 |
| 3.1. Uso pesqueiro | 5 |
| 3.1.1. Definición | 5 |
| 3.1.2. Extensión da área | 5 |
| 3.2. Uso complementario | 5 |
| 3.2.1. Definición | 5 |
| 3.2.2. Extensión da área | 6 |
| 3.3. Uso de infraestrutura básica asignado a diques e vieiros..... | 6 |
| 3.3.1. Definición | 6 |
| 3.3.2. Extensión da área | 6 |
| 4. ALCANCE E EFECTOS | 7 |
| 5. RELACIÓN DE PLANOS..... | 8 |





1. ANTECEDENTES

O presidente do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia, por delegación da conselleira do Medio Rural e do Mar conferida por Orde do 30 de marzo de 2012, resolveu aprobar o 28/08/2015 o documento da Delimitación dos espazos e usos portuarios (DEUP) do porto de Canido (Vigo, Pontevedra), documento que ten por obxecto a definición exterior e interior do dominio público portuario, os usos previstos para cada unha das diferentes áreas nas que se divida a zona de servizo do porto e a xustificación da necesidade ou conveniencia de tales usos, segundo criterios transparentes, non discriminatorios e de fomento na competencia na prestación de servizos, conforme ao establecido no artigo 69 do Texto refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante –Real decreto legislativo 2/2001, de 5 de setembro (Boletín Oficial do Estado núm. 253 do 20 de outubro de 2011)–, aplicado aos portos que son competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en defecto de lexislación autonómica propia.

Recentemente, o 6 de febreiro do pasado ano, a cuberta do edificio da lonxa do porto derrubouse parcialmente, concretamente a cuberta da sala de subhastas, o que determinou, despois de elaborar os estudos correspondentes, a necesidade de demoler o edificio orixinal e levantar unha lonxa nova de primeira venda de pescado fresco.

Por outra banda, o 14 de decembro de 2017 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, a primeira con carácter autonómico, que rexe a xestión dos 122 peiraos dependentes da Administración autonómica. De acordo co establecido na súa disposición derradeira segunda, esta normativa entrou en vigor 6 meses despois da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, o que aconteceu o 14 de xuño de 2018.

Esta lei ten por obxecto establecer a organización portuaria de Galicia e o réxime xurídico dos portos e das instalacións portuarias que son competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, que comprende a determinación, planificación, construción, xestión e utilización do dominio público portuario e mais a prestación de servizos nos portos, así como as medidas de policía portuaria e o réxime sancionador.

2. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

Como referíamos no anterior apartado de antecedentes, o feito de que os estudos





realizados indicasen que era necesario demoler o edificio enteiro, unha vez que parte da cuberta do edificio da lonxa colapsou, determina que sexa tamén necesario reordenar as áreas do porto en canto á súa asignación dos usos, posto que parte da área asignada ao uso pesqueiro está cinxida completamente á lonxa na DEUP actualmente en vigor.

En consecuencia, é necesario crear una nova área asignada ao uso pesqueiro que permita localizar o novo edificio da lonxa nunha posición óptima en función dos criterios urbanísticos e de explotación portuaria xerais e das instalacións establecidos para o porto de Canido, e que ademais permita asumir o posible futuro crecemento deste uso arredor da lonxa.

Así mesmo, ao estar en vigor á lei autonómica portuaria, esta modificación debe ser acorde con esta normativa, tanto no que se refire ao seu trámite coma ao contido do propio documento. Deste xeito, a disposición transitoria quinta da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de portos de Galicia, sobre o réxime transitorio aplicable aos plans de utilización dos espazos portuarios, ás delimitacións dos espazos e dos usos portuarios e aos plans directores de infraestruturas, determina que os plans de utilización dos espazos portuarios e as delimitacións dos espazos e dos usos portuarios aprobados con anterioridade á entrada en vigor da dita lei manterán a súa vixencia e, así e todo, cando se proceda á súa primeira modificación, estes documentos deberanse adaptar ao disposto nos artigos 52 e 53.

Polo tanto, de acordo co exposto, o obxecto do presente documento é a proposta de modificación da Delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Canido para ampliar a área de uso pesqueiro en detrimento das asignadas ao uso de actividades complementarias e ao de infraestruturas básicas no contorno do actual edificio da lonxa do porto. Asemade, a DEUP vai ser adaptada á Lei 6/2017. Este documento de modificación, no caso de ser aprobado, incorporárase á DEUP en vigor como un anexo.

3. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN

Xa que logo, como xustificamos no apartado anterior, esta modificación da Delimitación de usos de Canido ten por obxecto ampliar a área de uso pesqueiro en detrimento das asignadas ao uso complementario e ao de infraestruturas básicas no contorno da lonxa do porto.

Deste xeito, a continuación delimitaremos as novas áreas resultantes e cuantificaremos a súa extensión.





3.1. Uso pesqueiro

3.1.1. Definición

É o asignado a aqueles espazos nos que se desenvolven as actividades relacionadas coa pesca e a acuicultura, incluíndo o desembarco de capturas de pesca fresca, marisco e de produtos da acuicultura dende os buques e a súa posterior manipulación, almacenaxe e comercialización, así como a prestación dos servizos necesarios para as flotas e, en xeral, calquera actividade necesaria para o mellor funcionamento do sector.

Nos espazos destinados a este uso tamén se poderán incluír aqueles usos complementarios relacionados con el, tal como se definen no apartado seguinte, e en concreto as actividades pesqueiras non profesionais.

3.1.2. Extensión da área

A delimitación establecida na DEUP actualmente en vigor abrangue os peiraos comprendidos entre a rampla de varada e o extremo do dique, así como a explanada anexa a este, coa excepción da área de operatividade do guindastre existente. Tamén, como xa dixemos, se asigna a este uso o espazo ocupado pola lonxa e os vestiarios anexos a ela, que dan servizo aos usuarios do sector pesqueiro.

Así, e segundo o exposto nos apartados precedentes, a modificación da área pesqueira consiste en estendela máis aló do edificio da lonxa, achegándose á franxa asignada a este uso ao longo do peirao próximo e, a un tempo, afastándoa da fronte da rampla varadoiro.

Creamos así unha nova superficie dedicada a este uso entre o peirao e a lonxa e con continuidade cara ao dique de abrigo, que permitirá dispor a futura lonxa dunha maneira máis axeitada tendo en conta a explotación portuaria das instalacións e prevendo futuros crecementos.

A nova superficie asignada ao uso pesqueiro é de 1.914 m² e está representada no plano número 2.

3.2. Uso complementario

3.2.1. Definición

De acordo co artigo 55 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de portos de Galicia, na zona de





servizo portuaria poderán levarse a cabo os usos complementarios ou auxiliares dos usos portuarios de infraestrutura básica, comerciais, pesqueiros e náutico-deportivos, incluídos os relativos a actividades loxísticas e de almacenaxe e os que correspondan a empresas industriais ou comerciais que xustifiquen a localización no porto pola súa relación co tráfico portuario, polo volume dos tráxicos marítimos que xeran ou polos servizos que prestan ás persoas usuarias do porto.

Polo tanto, nas áreas ás que se asigna este uso se prevé o desenvolvemento de calquera das actividades complementarias ás portuarias necesarias para o correcto funcionamento e desenvolvemento do porto, tales como almacéns, construción e reparación naval e os seus subministros, efectos navais, cetarias, viveiros, instalacións de acuicultura, transformación e manipulación da pesca, avituallamento, comercial e distribución, ocio e hostalería, aparcamento, etc.

3.2.2. Extensión da área

A nova área de usos complementarios coincide coa vixente agás na superficie que existía anexa ao edificio da lonxa, que se trataba dun local de oficinas, e que se manterá cando se constrúa o novo edificio, aínda que estea no uso pesqueiro, tal como se determinou no apartado anterior.

A nova superficie asignada ao uso complementario é de 1.930 m² e está así mesmo representada no plano número 2.

3.3. Uso de infraestrutura básica asignado a diques e vieiros

3.3.1. Definición

As áreas ás que se asigna este uso teñen como cometido fundamental o acceso e abrigo do porto, ambos necesarios para desenvolver as actividades portuarias en condicións de seguridade e comodidade.

3.3.2. Extensión da área

A nova área de uso de infraestrutura básica coincide coa vixente agás na parte da superficie da explanada diante e ao oeste da lonxa actual, que se lle subtrae, e a que existía anexa ao edificio, os vestiarios e o local de oficinas, que se lle engade.

A nova superficie asignada ao uso complementario é de 3.389 m² e está tamén





representada no plano número 2.

4. ALCANCE E EFECTOS

O artigo 53 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, determina que se produce unha modificación significativa nunha Delimitación de espazos e de usos portuarios dunha instalación naquelas que supoñan unha variación illada ou acumulada superior ao quince por cento da superficie atribuída a un determinado uso, agás aquelas modificacións que afecten usos non especificamente portuarios, que terán en todo caso carácter de alteracións significativas.

A seguinte táboa mostra as variacións producidas sobre as superficies asignadas aos distintos usos afectados:

| USO | DEUP | MODIFICACIÓN | VARIACIÓN | |
|-----------------------|---------------------|---------------------|---------------------|--------|
| | S (m ²) | S (m ²) | S (m ²) | % |
| PESQUEIRO | 1.675 | 1.914 | 239 | 14,26% |
| COMPLEMENTARIO | 1.960 | 1.930 | -30 | -1,53% |
| INFRAESTRUTURA BÁSICA | 3.598 | 3.389 | -209 | -5,81% |

Nos planos que se xuntan á presente Memoria están reflectidas graficamente as modificacións descritas.

A modificación afecta á variación da superficie destinada a un mesmo uso que, tal como se observa na táboa, non supera o 15% en ningún caso. Trátase, polo tanto, dunha modificación con carácter non substancial, que será aprobada pola consellaría competente en materia de portos, por proposta de Portos de Galicia, logo da apertura dun trámite de información pública por un prazo de quince días e do informe da Administración urbanística, así como da Administración xeral do Estado, de afectar as súas competencias.

Por outro lado, en relación á tramitación ambiental, a Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas comunicoulle a Portos de Galicia o 29/04/2013 que os documentos para a delimitación dos espazos e dos usos portuarios (DEUP) non están no ámbito de aplicación da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente e,





consecuentemente, na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, e, polo tanto, non serán obxecto, en ningún caso, de avaliación ambiental estratéxica.

5. RELACIÓN DE PLANOS

A presente modificación da Delimitación dos espazos e dos usos portuarios do porto de Canido (Vigo) componse dos seguintes planos:

1. Plano de usos actual. E 1/2000
2. Plano de usos modificado. E 1/2000

Santiago de Compostela, xaneiro de 2020

O enxeñeiro de camiños, canais e portos
Xefe do dep. de planificación portuaria


Andrés D. Cervantes Refojos
(Asinado dixitalmente á marxe)

A enxeñeira de camiños, canais e portos
Xefa da área de explotación e planificación portuaria

Ana Isabel Calzadilla Buzón
(Asinado dixitalmente á marxe)




Praya de Canido



LEYENDA DE USOS ACTUALES

| | |
|--|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| | USO PESQUERO SUPERFICIE: 1.675 m ² |
| | USO MIXTO PESQUERO-NÁUTICO-DEPORTIVO SUPERFICIE: 1.429 m ² |
| | USOS COMPLEMENTARIOS SUPERFICIE: 1.960 m ² |
| | USO NAUTICO-DEPORTIVO SUPERFICIE: 1.231 m ² |
| | USO INFRAESTRUCTURAS BÁSICAS SUPERFICIE: 3.598 m ² |
| | DESLINDE DEL D.P.M.T. (APROBADO DEFINITIVAMENTE POR O.M. DE 18/12/2003) |
| | LÍMITE DE LA ZONA DE SERVICIO DEL PUERTO SUPERFICIE TERRESTRE: 9.893 m ² SUPERFICIE LAMINA DE AGUA: 10.903 m ² SUPERFICIE TOTAL ZONA DE SERVICIO: 20.796 m ² |



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR


Portos
de Galicia

MODIFICACIÓN DE LA DELIMITACIÓN DE ESPACIOS
Y USOS PORTUARIOS DEL PUERTO CANIDO EN VIGO

| | | | | |
|-------------------------------------------------|---------------------|------------------------------------------|-------------------|------------------------------|
| TÍTULO DEL PLANO: DELIMITACIÓN DE USOS ACTUALES | | | | |
| PUERTO: CANIDO VIGO - PONTEVEDRA | CLAVE PUERTO: 13-26 | ESCALAS: 1/ 500 | FECHA: ENERO 2020 | Nº PLANO: 01 HOJA: 1 DE 1 |
| JEFE DEPARTAMENTO DE PLANIFICACIÓN PORTUARIA | | JEFE ÁREA DE EXPLOTACIÓN Y PLANIFICACIÓN | | |
| | | | | |
| ANDRÉS CERVANTES REFOJOS | | ANA ISABEL CALZADILLA BOUZÓN | | |


CDE: 17/02/2019
 Verificado: https://sede.sede.xunta.gal/verificac

Praya de Canido



LEYENDA DE USOS PROPUESTOS



- USO PESQUERO
SUPERFICIE: 1.914 m²
- USO MIXTO PESQUERO-NÁUTICO-DEPORTIVO
SUPERFICIE: 1.429 m²
- USO COMPLEMENTARIO
SUPERFICIE: 1.930 m²
- USO NAUTICO-DEPORTIVO
SUPERFICIE: 1.231 m²
- USO INFRAESTRUCTURA BÁSICA
SUPERFICIE: 3.389 m²
- DESLINDE DEL D.P.M.T. (APROBADO DEFINITIVAMENTE POR O.M. DE 18/12/2003)
- LÍMITE DE LA ZONA DE SERVICIO DEL PUERTO
SUPERFICIE TERRESTRE: 9.893 m²
SUPERFICIE LAMINA DE AGUA: 10.903 m²
SUPERFICIE TOTAL ZONA DE SERVICIO: 20.796 m²



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

Portos
de Galicia

MODIFICACIÓN DE LA DELIMITACIÓN DE ESPACIOS Y USOS PORTUARIOS DEL PUERTO CANIDO EN VIGO

| | | | | |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------|---------------------|
| TÍTULO DEL PLANO: DELIMITACIÓN DE USOS PROPUESTOS | | | | |
| PUERTO: CANIDO | CLAVE PUERTO: 13-26 | ESCALAS: 1/ 500 | FECHA: ENERO 2020 | Nº PLANO: 02 |
| VIGO - PONTEVEDRA | | | | HUJA: 1 DE 1 |
| JEFE DEPARTAMENTO DE PLANIFICACIÓN PORTUARIA | | JEFE AREA DE EXPLOTACIÓN Y PLANIFICACIÓN | | |
|  ANDRÉS CERVANTES REFOJOS | |  ANA ISABEL CALZADILLA BOUZÓN | | |